48 BAIXADA DO EUME

PONTEDEUME 2014

Copa Xunta de Galicia

30 de agosto
saída ás 17: 30 h.

DESEÑO: XOSÉ TOMÁS

FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Concello de Pontedeume

Deputación DA CORUÑA

DEPORTE GALEGO

Celta

"la Caixa"

Agua Mineral Natural CABREIROÁ

2ª Baixada Popular do Eume

Segue a competición desde a auga, sen necesidade de coñecementos previos...
Son 12,00 euros.
Máis información:
605 23 66 46 - 616 62 89 90
www.firrete.es

Club Náutico FIRRETE

DATA, HORA E LUGAR

Sábado día 30 de agosto de 2014 a partir das 17:30 h. no río Eume con saída desde o 1º refuxio para homes cadete (k-1), canoas e mulleres; e desde o 2º refuxio para homes sénior (k-2 e k-1) e homes júnior (K-1). A meta sitúase nas inmediacións da "Ponte de Pedra" en Pontedeume, tirarase unha liña de boias desde a ponte da autoestrada para que conduza aos piragüistas paralelos ao paseo marítimo de Pontedeume.

CATEGORÍAS, MODALIDADES, DISTANCIAS E SAÍDAS

7 km con saída desde a auga:

17:30h. C-1 home sénior e júnior

17:34h. K-1 home cadete

17:38h. K-1 muller sénior - júnior - cadete

17:42h. C-1 home cadete e mulleres en canoa

12 km con saída desde terra (tipo sella):

17:45h. K-2 home sénior e veteranos

17:50h. K-1 home júnior, sénior e veteranos

TROFEOS E MEDALLAS

Serán entregados trofeos (figuras de Sargadelos) aos tripulantes das tres (3) primeiras embarcacións de cada modalidade e categoría, e trofeos aos tres (3) primeiros clubs clasificados.

A entrega de trofeos realizarase, unha vez comunicados os resultados oficiais, na praza do Concello de Pontedeume ás 20 h.

APARCADOIRO E DUCHAS

Habilitarase no porto de Pontedeume o APARCADOIRO para as furgonetas e demais vehículos dos participantes. Os piragüistas poden utilizar os VESTIARIOS CON DUCHAS do Pavillón Municipal de Deportes.

ADESTRAMENTOS NO RÍO EUME

Os días de adestramentos autorizados, pola Consellería do Medio Rural (institución que regula o parque natural "Fragas do eume"), para os deportistas inscritos na proba son os días 25 e 28 de agosto - entre as 11 e as 21 horas-.

OUTRA INFORMACIÓN

No día da regata o TRÁFICO na estrada de acceso aos distintos lugares de saída da competición estará restrinxido durante todo o día. Entre ás 15:00 e as 17:30 horas se permitirá o paso pola estrada paralela ao río aos vehículos automóbiles dos equipos que compitan na proba e teñan a folla da autorización sellada polo club náutico Firrete, débese recoller a autorización cando se faga a CONFIRMACIÓN DAS INSCRIPCIÓNS na casa do Concello de Pontedeume. Os vehículos deberán estacionar nos lugares indicados polo persoal da organización e non circular con dirección a Pontedeume ata as 17:30 (despois da saída aos participantes).

MÁIS INFORMACIÓN nos teléfonos: 605236646 - 616628990

Moitas grazas pola vosa atención e participación.

CLUB NÁUTICO FIRRETE